

ANXOS DO CEO

Seu pai agarroulle a man entre da súa. A nena sentiu a tenrura e a calor daquela man grande e callosa. Naquel xesto aproximouse á súa beira. Uliulle a tabaco, como sempre, e tamén a aquel cheiro peculiar que desprendía o seu traxe, un cheiro a grá, que a ela tanto lle agradaba. Adoraba a seu pai igual que adoraba ás tardiñas, de puntiñas na hucha grande, xogar coas mans entre do trigo, polo tacto suave, facer montonciños e introducir os brazos até os códavos nel, e logo deixalo caer grao a grao, e tamén agochar a boneca de pau e o libro dos animais. El saca un pitillo, o desta vez, antes de volver pousar a man na dela, prodúcese un miragre: ofrécelle o mechero de gasolina despois do clik, pechado xa e aínda co metal morno. Sorpréndea de verdade. *Non o prendas, Ana, dille, que te podes queimar.* Dillo mentres lle pasa a man polo cabelo, nun xesto á súa altura. Ela, coas mans pequerrechas, apalpa a tapa e a forma cadrada cos dedeiros, contándolle un a un os furados. E foi así como camiñaron un longo treito até o carreiro dos coios grandes. Un Landrover ruxía e fumeaba agardándoos. Cando chegaron a el, seu pai levantouna no

ar, colleuna no colo e entraron pola porta traseira. El, primeiro, con coidado, pousouna no asento de skai, deixándolle sen querer as pernas ao ar e o vestido novo de ponto de abella todo engruñado. Ana preguntoulle varias veces se lle había de mercar algo na vila. El non lle dixo nada. A súa beira percatouse das enrugadas da fronte, da mandíbula apertada, das mans inquedas sen paraxe. Ana comezou a tararear un pouco unha canción. Apenas se oía entre tanto traqueteo do automóbil. Moito máis adiante, entre dunhas casas novas, o coche parou. Seu pai baixouse só. Ela viu polos cristás uns cativos xogando á beira da estrada. Xogaban cunha pelota fofa encamada, e a ela caíanlle os ollos por poder baixar e xogar con aqueles nenos. Estaba tan entretida niso que non se decatou de que seu pai xa abriera de novo a porta do coche. Debaixo do brazo traía unha caixiña branca, fermosa, coas asas douradas e cunha cruz grande como a que dona Rosa tiña no cuarto da cama da mesiña. Daquela Ana estremeceuse e tivo medo. Pero non dixo nada, non preguntou nada. El non podía mirala. Cando sentou frente a ela sacou do peto un caramelo grande e redondo cunha goma longa na punta e amosoullo facéndoo pencear no ar, arriba e abaixo, cos ollos cheos de

auga. Ana non dixo nada e el tampouco. Mais ela soubo ben que aquela recompensa seguro que tiña un mal trago. Cando chegaron ao curral da casa, Ana saíu correndo precipitadamente pola lama adiante. Subiu o patín como un lóstrego. Súa nai non estaba alí. O irmán pequeno brincaba contento entre daquela morea de xente. Manuel achegouse para ensinarlle unha boa presada de moedas de pesos, e algunha de cinco pesos tamén. Ela descoñeceu o cuarto de sempre. Ulía raro e as paredes estaban cubertas de sabas brancas cubrindo o mouro. Había tamén moitas flores, moitas. Todo aquilo amitaba unha capela, pero sen ningunha Virxe nin ningún santo. Era Nené, súa irmá pequena, vestida coa túnica azul clariña de debuxos dourados, a mesma que Ana levara no nacemento da parroquia para facer de Virxe. Nené estaba dormida e queda. Ana chamouna tímidamente, mais Nené non lle respondía. Tampouco respiraba. Entón axeonllouse como as mulleres vellas sobre das táboas do cuarto para rezar e foi daquela cando dona Rosa a ergueu de súpeto de alí e a sacou daquel choro profundo, prohibíndolle axeonllarse máis. *Polos anxos non se chora, Ana. Son anxos do ceo. É pecado chorar por eles.* Preguntoulle se quería bicala, e claro que quixo. E termou

dona Rosa déla no ar, sen desfacer a harmonía daquela estampa, e aquel cheiro a cera e a proximidade de Nené mareouna un pouco. Entón bicouna como o fixera tantas veces antes, e sentiuna tan fría... tanto!, que lle quedou o seu tacto no beizo apegado, xunto a aquel silencio. Aquilo fíxoa perder a fala durante días enteiros e desde aquela soubo que a morte ten friaxe e un certo saibo a caramelo amargo. A ausencia cheiraba a gasolina e a tenrura morna tamén sobre dos dedos.

Medos Romero